

(*m*)

LETRAS GALEGAS “MARÍA MARIÑO” UNHA ANÁLISE DA RECEPCIÓN DA OBRA DA POETA

MONTSE PENAS
Universidade de Santiago de Compostela

Cada 17 de maio dende 1963 (coincidindo co centenario da publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro) a literatura galega celebra o Día das Letras Galegas, homenaxeando a un escritor ou escritora que xa finara (aínda que polo momento só foron tres as mulleres honradas con esta distinción). 2007 foi a quenda da terceira autora: María Mariño. Tal distinción non estivo exenta dunha certa polémica, por dous motivos ben diferentes: o cuestionamento que a celebración está a vivir nos últimos anos e, sobre todo, a sombra das dúbidas que aínda se cernen ao redor da propia María Mariño. Este artigo céntrase neste segundo factor, analizando a produción crítica que se xerou en torno á poeta, tentando dilucidar en qué medida a enxurrada de publicacións que se lle dedicaron dende que a Real Academia Galega anunciara o 2007 como o “seu” ano supuxo non só un avance cuantitativo, senón tamén e, sobre todo, unha mellora cualitativa no coñecemento da súa obra.

PALABRAS CHAVE: literatura galega, María Mariño, Día das Letras Galegas.

*O bater das ondas
aínda abanea o teu berce, María.*
Antón Avilés de Taramancos

1. A orixe da eterna dúbida autorial: a Mariño autora fronte a María personaxe literario

Comecemos polo principio: quen era María Mariño? Ou mellor, que era o que se sabía, con anterioridade a este 17 de maio, sobre ela e a súa actividade creativa? A primeira nova que aparece nun medio escrito sobre a autora achéganola en 1961 Raimundo García Domínguez, “Borobó”, no xornal compostelán *La Noche* e resúmese no contundente titular que a encabeza: “María Mariño, invención de Novoneyra”. A nota é, neste senso, determinante, pois quen a asina non dubida en soster:

269

María Mariño Carou, cuya ficha biográfica acabamos de dar someramente, ha de ser objeto de cumplidas biografías de ahora en adelante. Sale aquí, por vez primera, en letras de molde. Ya se habla bastante de ella en los círculos literarios, pero dará mucho más que hablar y que escribir. [...] ¿Quién es María Mariño Carou, la noyesa del Caurel? Es una invención de Novoneyra en el sentido que se le da a la palabra invención cuando se habla del hallazgo del cuerpo del Apóstol. (Borobó, 1961)

O artigo contén outros datos de moito interese: por el tense noticia de que nesa data Otero Pedrayo xa escribira o prólogo a *Palabra no tempo*¹ –a primeira obra da escritora, publicada dous anos despois–, prólogo que ademais coñecía Borobó, xa que o cita; mais a través del tamén chegamos a saber que Uxío Novoneyra adoitaba recitar os versos da noiesa aos seus achegados, loubando encarecidamente as súas composicións e afirmando que “ela, con Rosalía, é a voz poética de muller máis verdadeira da nosa terra” (Borobó, 1961). A información que transmite o xornalista convértese no primeiro alicerce, quizais o máis forte, para erixir a súa mitificación. Antes de que esta puidese ver no prelo un dos seus escritos, o xornal² galego que posibelmente máis importancia tivo entre a intelectualidade achegada aos círculos galeguistas durante as décadas dos cincuenta e dos sesenta, cuestionaba xa a súa existencia como poeta. Por outra banda, a nota de Borobó contén outro compoñente fundamental das dúbidas que, dende aquela, existiron sobre a autoría dos seus versos: o empeño de Novoneyra, un poeta xa consagrado por aquel tempo, en promocionar e difundir a obra dunha escritora aínda inédita. A María-Mariño-texto xurdiría dous anos antes que a María-Mariño-autora para a sociedade literaria e cultural daquel tempo.

A segunda nova que, supostamente³ existe da súa actividade literaria, é fornecida polo propio Novoneyra na revista *Céltica*, na que estaban a colaborar diversos autores galegos daquel tempo⁴. Esta nota serve para presentar á poeta en sociedade e para alumear algúns datos máis sobre ela, entre eles que comezara a escribir no Courel e que o seu libro *Palabra no tempo (Máis alá da dor i outros poemas)* “axiña sairá á luz” (Novoneyra, 1961: 303). Mais a meirande novidade deste breve artigo é que nel por primeira vez saen en letra impresa creacións da escritora. A primixenia

¹ Limiar que se escribira, segundo consta na posterior edición da obra, o 21 de marzo de 1960, é dicir, tres anos antes de que o poemario saía do prelo.

² O suplemento do xornal *La Noche* funcionou como plataforma de presentación de moitos dos escritores e escritoras galegos da época.

³ Incidimos no “supostamente” porque o certo é que o artigo ao que nos referimos non está datado con exactitude, pois a pesar de que Esperanza Mariño Dávila (2007: 30) o sitúa en 1961, a revista *Céltica* na que se publicou o mesmo carece de datación, así como tamén de numeración, que tampouco conteñen os seus catro volumes.

⁴ Entre eles Xohana Torres, Pura e Dora Vázquez, Manuel María, Antón Tovar, etc.

interpretación dos seus poemas é igualmente fornecida: deles o crítico resalta o seu profundo sentimento do ser. Un sentir que volve obrigar ao courelao á comparación coa autora de *Cantares Gallegos*: “un diante estes poemas de María Mariño escrama con non menor emoción: Naceunos unha nova Rosalía” (Novoneyra, 1961: 303).

En 1963 publícase, na colección “Tesos Cumes” –que se inaugura e remata á vez con este título– da editorial Celta de Lugo, *Palabra no tempo*. María Mariño é, definitivamente, autora. O prólogo de Otero Pedrayo facilítanos o primeiro traballo crítico de consistencia ao redor da obra da noiosa e nel resáltase a experiencia como volta á patria e ao fogar, a metafísica duns versos que se interrogan sobre o despois do ser humano e a súa temporalidade. O autor d’*Os camiños da vida* ten, ademais, unha absoluta premonición lectora cando alude á maneira diferente e peculiar en que Mariño se relaciona coa linguaxe: “Enchémonos dun xeito de relixioso respecto diante a maneira grave de tratar as palabras [...]. Ela sabe achegarse a elas e engaiolalas. Non han de ser de moitos entendidas” (Otero Pedrayo, 1963: 4). Esta particular relación da poeta co seu instrumento de traballo sería logo entendido por unha parte da crítica como un descoñecemento da linguaxe poética e por outra como un valor fundamental para prestixiar a súa produción literaria. Por outra banda, do limiar salienta tamén a case que ineludíbel alusión a Novoneyra, o que exemplifica a indisolubilidad á que estaban sometidas as dúas figuras autorais. A modelaxe da personaxe literaria segue a asentarse nas mans de Otero, que alude a ela, a quen non coñecía –aínda que si mantiñan correspondencia–, como se da descrición dunha das súas creacións femininas se tratase, no que beleza e dozura non podían faltar: “Flor de fariña dos rodicios do mar nas súas areas, xustillo sedán de moito porque nas súas terras, un doce rendimento da rexa montaña...” (Otero Pedrayo, 1963: 3).

Tras a publicación do seu primeiro poemario, diferentes intelectuais se refiren a el nos anos seguintes: Trabazo, Trapero Pardo, López Casanova, Manuel María, Francisco Umbral e Méndez Ferrín. Dado que o que se pretende é observar como as dúbidas en torno á autora influíron na súa recepción actual⁵, sinalaremos que, se ben a acollida de *Palabra no tempo* é bastante positiva, especialmente para Ferrín, (quen en 1965 se refire ao libro como o “máis inquietante, desconcertante e novo dos que viron á luz nistes 26 anos de poesía galega”), o profesor e poeta López Casanova (1964) tíldao de escasamente interesante e sinala a forte dependencia que teñen do mundo creativo de Novoneyra.

En 1967 falece María Mariño e o seu pasamento supón que o misterio da escritora afastada dos círculos literarios nos montes do Courel e carente de cultura libresca se magnifique aínda máis. A autora remata a súa vida

⁵ Se se quere contar cunha maior especificidade das impresións da crítica inmediata os traballos de Carmen Blanco (1990, 2007) e, sobre todo, Mariño Dávila (2007) son de singular interese para reconstruír con precisión o recibimento que tivo *Palabra no tempo*.

cunha sóa obra en letra impresa; emporiso, notas necrolóxicas que lle dedican Ánxel Fole e Uxío Novoneyra confirman a existencia de tres libros inéditos, un en galego e dous en castelán. Trátase de *Verba que comenza*, *Los años pobres –Memoria de guerra y posguerra–* y *Más allá del tiempo*. Nas décadas vindeiras, continuarán as noticias, ininterrompidas, mais bastante escasas, do seu quefacer creativo. Porén, as dúbidas sobre se ela foi, realmente, quen concibiu os versos que asinou, continúan: “Aún no hemos entrado totalmente en el mundo poético de María Mariño. Cierta prevención de que la sombra de uno de los más grandes poetas gallegos haya sido para ella un sol vivificante. Y no obstante vemos esas enumeraciones extrañas, caóticas, de elementos naturales gallegos y de angustia y lucha espiritual y aun de enferma debatiéndose” (González Garcés, 1970). Estes interrogantes veríanse alentados polo silencio gardado polo seu home, Roberto Pose Carballido, que nunca se pronunciou de maneira pública sobre á faceta literaria da súa dona. Os datos biográficos da poeta e outras características dos seus versos seguían sendo fornecidos, oralmente⁶ e por escrito (tamén nas súas composicións), por Novoneyra⁷. Os paratextos das distintas edicións coñecidas d’Os *Eidos* dende 1974 seguirían permitindo que a escritora fose un espectro proxectado sobre os círculos letraferidos do país, mais a introdución do seu nome no poema “Vietnam Canto” –datado en 1968– daríalle o epíteto definitivo, a definición que a consagraría como a protagonista do misterio literario galego: “MARÍA MARIÑO dinamiteira da fala” (Novoneyra, 1988: 56). Esta enunciación de Novoneyra terá posterior fortuna non só porque literaturiza o xogo da autora coa linguaxe e a súa habilidade para dislocar a sintaxe, senón porque coloca á autora no lugar da guerrilleira, erixíndoa así tamén en símbolo político.

Logo do pulo do mito durante 27 anos, a poeta volve xurdir en 1990, cando o concello de Noia dá ao prelo, como homenaxe á súa veciña, *Verba que comenza*. Novoneyra e Avilés de Taramancos son os promotores da iniciativa, levada a cabo despois de que o courelao tentase, sen éxito, que os poemas visen a luz nas dúas editoras máis importantes do país, Galaxia e Xerais (Blanco 2007: 21). Aos grupos dirixentes do precario sistema editorial galego seguía sen interesarlles visibilizar unha autora da que se poñía todo en dúbida e que se primeiro se afastaba da poética do momento –que situaba ao compromiso social no centro do canon temático– despois, co renacer do culturalismo na lírica galega nos finais do 70 e durante os 80, tampouco interesaría. A noiesa seguía sen ser valorada como literata: tíñao todo en contra, era muller e contaba con escasa formación regrada. Como contrapartida, a dignificación da figura autorial que se realizará con *Verba que comenza* é patente: as composicións son transcritas por Novoneyra a

⁶ De feito, Blanco (1990: 74) insiste en que eran sobre todo nas conversas dos grupúsculos literarios e intelectuais onde máis se debateu sobre o mito María Mariño.

⁷ Para afondar máis neste vieiro, cómpre consultar os artigos de Novoneyra de 1967 e 1982. Neste senso, resaltara a confusión sobre a data de nacemento da poeta, que o courelao situaba en 1918, cando realmente é 1907.

partir “do texto orixinal a él encomendado”; Avilés e Raimundo Patiño dedícanlle, respectivamente, un fermosísimo poema e unhas vistosas ilustracións. A isto súmase o estudo introdutorio de Carmen Blanco, o máis denso e completo que se tiña centrado en Mariño ata entón⁸, que axuda a asentarse o “eu” que escribe.

A saída do prelo deste segundo poemario supuxo un maior interese de por parte das instancias críticas, o que explica que en 1994 Victoria Sanjurjo, que xa estudara a autora na súa tese de doutoramento defendida na Universidade de Barcelona, publique a *Obra completa* de María Mariño. A poeta comezará a asentarse nun sistema que tantos interrogantes proxechara sobre ela e a súa presenza en artigos, antoloxías, dicionarios e historias de literatura será máis habitual, aínda que a súa figura non chegará a reseñarse tanto coma a doutras escritoras e escritores coetáneos polos motivos que se debullaron. A pesar de todo, a autora chegou ata ese 2006 en que se decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas “embazada pola mitificación e a mistificación” (Blanco 1990: 69).

3. É tempo da entrada no canon: a recepción en 2007

Se ben é verdade que, outra volta, a posíbel canonización dunha escritora e dunha obra literaria multiplicou exponencialmente a súa dispoñibilidade no mercado, este 2007 resaltou pola cantidade de produción crítica que se centrou na vida da autora nunha literatura carente de tradición biográfica e cunha escasa valorización da mesma. Pódese entender que isto sucedeu pola necesidade de trazar un percorrido existencial da poeta contrastado –cumpría aclarar determinadas lagoas existentes en torno a certos acontecementos vitais que influían no vulgamento da propia obra–, pola influencia que algunhas das súas vivencias persoais tiveron na súa produción –interferindo nela e provocando unha subxectivización das lecturas que se realizaron– e polo grande tirón que adoitan ter este tipo de mitificacións.

3.1. No eixo da vida de María Mariño

Neste apartado analizaranse as achegas que, en torno á vida da escritora, se realizaron dende que a Academia decidira que sería a terceira muller agasallada na festa literaria, reparando nos aspectos que teñen suscitado máis controversia. Acudirase non só ás monografías sobre ela, senón tamén a diferentes artigos e notas aparecidos en publicacións de características diversas. Aínda que algunhas destas achegas non contan cun alto rigor investigador, foron analizadas conscientemente ao considerarse que constituían un interesante texto primario dende o que baremar a recepción que a noísa estaba a ter en 2007.

⁸ O estudo fora publicado xa un ano antes co mesmo título no *Boletín Galego de Literatura* nº 2.

A única obra de fasquía crítica que se consagrou por enteiro á pescudar na existencia da poeta foi a *Biografía de María Mariño* (2007), asinada por Xerardo Agrafoxo (historiador do Barbanza que xa noutras ocasións, concretamente en 2000 e 2004, se achegara ao camiño vital da noiesa), polo que se lle prestará unha especial atención. Este traballo resulta de singular relevancia por contar con datos moito máis precisos que dos que se dispuña ata entón (por exemplo no tocante ás viaxes a Euskadi da autora ou en relación á morte do fillo, ocorrida un mes e medio despois de nacer este) e por saber trasladar non poucos testemuños da xente que a coñeceu. Tras del albíscase unha considerábel laboura investigadora, porén, o autor teima con insistencia na fabulación a partir da personalidade da poeta, o que lle resta valor crítico a unha biografía que podería ter servido para desmontar non poucos tópicos asentados de vello nos círculos literarios. A figura de María Mariño está excesivamente literaturizada e isto percíbese en maior medida nas páxinas en que se narran os seus vinte primeiros anos de vida. O seu carácter semella responder aos antigos tópicos que se daban das escritoras, antes condenadas a ser complexas, solitarias, soñadoras, melancólicas e rebeldes. A noiesa parece estar destinada, dende cativa, a ser unha “muller estraña” (Agrafoxo, 2007b: 64). Non por acaso, se comparásemos estes adxectivos cos que se lle aplicaban nas primeiras interpretacións a Rosalía de Castro, veremos que son practicamente os mesmos. Esta literaturización da creadora de *Palabra no tempo* por parte do seu biógrafo é aínda máis patente no artigo que este publica na revista *Alameda*⁹, do Liceo de Noia, a xeito de autobiografía. Agrafoxo (2007a: 11) explícase, desta maneira, como se a propia María fose: “Aínda que procurei comportarme como unha persoa educada e humilde, os veciños sempre consideraron que era unha moza rara porque, naquel peirao onde as mulleres vestían de negro e mariscaban nas praias da ría, eu xa pintaba os ollos e arranxábame moito”. De novo, a extravagancia e a peculiaridade como bandeira da muller escritora. Non é de estrañar así, que as recreacións literarias da autora se repitan, mesturando ficción e realidade, datos verídicos e sentimentos fabulados ao redor da súa figura, como ocorre no breve traballo de Antón Riveiro Coello (2007a), recollido na mesma publicación que o anterior, en que se presenta á autora logo da morte do fillo, da nai e do irmán en absoluta comunión coa paisaxe do Courel, agudizando así o seu misticismo. Este espallamento da personaxe deu lugar a que, dunha maneira clara e aberta, tamén ao abeiro das ventas que supón o Día das Letras, no ámbito da literatura infantil e xuvenil se deixase sentir que nas versións difundidas da vida da noiesa hai moito de ficcionalización. Así o amosan as narracións *A voz do pazo* de Riveiro Coello e, en menor medida, *A vida secreta de María Mariño* de Fran Alonso¹⁰.

⁹ Este número 26 da revista está coordinado polo propio Agrafoxo e conságrase, practicamente na súa globalidade, a reconstruír a existencia da autora, a partir de recordos de xente que a coñeceu e de recreacións da Noia dos comezos do s. XX.

¹⁰ Cómpre lembrar, aínda así, que o eido das letras para a infancia e adolescencia é especialmente susceptíbel a recibir versións literaturizadas da biografía dos autores e autoras,

Diferente é, neste senso, o tratamento que ao carácter da poeta se lle dá nas outras publicacións que, de maneira parcial, se ocupan da súa existencia. Carmen Blanco (2007), prefire trazar un decorrer vital da autora que parta dos propios versos, relacionando texto creativo e texto vital e entrecruzando ambas as análises, a pesar de que prevaleza a primeira. Aínda que non se tenta somerxerse en profundidade na súa personalidade, si que hai un achegamento á mesma. Resáltase o gusto polos paseos solitarios á beira do mar, mais o xulgamento dos mesmos desaparece, como tamén o fai idea de comportamento fóra do común que se desprende das liñas de Agrafoxo. A achega de Mariño Dávila (2007) sitúase nesta liña, mais nela o carácter da escritora é xa unha cuestión que fica practicamente eludida, o que vén resaltar que determinadas instancias críticas están a superar a necesidade de deterse no ámbito máis privado e persoal, o que sen dúbida representa un avance considerábel. Alén disto, prodúcese unha separación marcada entre vida e obra, o que, por outra banda, posibilita unha análise menos biografista das composicións que a realizada por Blanco.

Se nos volvemos centrar nas pasaxes da *Biografía de María Mariño* que se ocupan desta cuestión, veremos que o peso dos prototipos da imaxe feminina tradicional pexan o escrito e converten a historia vital da autora nunha sorte de novela con tintes románticos. Agrafoxo troca a relación especial (chámesese amizade, compañeirismo, ou irmandade de espírito) entre Novoneyra e Mariño nun amor prohibido, o que non deixa de amosar o conservadurismo que aínda impera hoganó á hora de valorar o entendemento entre un home e unha muller. A consideración de que ambos os escritores viviron un romance aumenta un novo capítulo, antes sempre murmurado, mais nunca retratado en letra impresa, á lenda da autora. O constructo vital xerado por este historiador, cunha mirada claramente androcéntrica que parte dos tópicos femininos e do prototipo da escritora longamente establecido, propicia que o mito se relance, facendo que o personaxe da poeta misteriosa, afastada da intelectualidade –non afonda moito Agrafoxo nos relacionamentos de Mariño con outros persoeiros da intelectualidade galega da posguerra– e fóra do canon, reapareza precisamente no ano susceptíbel de que a autora entre nel. Consecuentemente, Novoneyra volve ser erixido no mestre, no home con formación que axudou a letrar á costureiriña, á cantora popular.

Mariño Dávila (2007: 25), porén, elude entrar en valoracións da relación persoal entre os dous poetas, namentres insiste en que o courelao foi decisivo para que a noiesa crease en lingua galega, xa que esta empregaba habitualmente o castelán para expresarse. Pola súa banda, Blanco (2007a), como xa fixera noutros traballos (1990), insiste na admiración e no afecto que existía entre ambos creadores e valora altamente o Novoneyra-axente e asesor literario de María Mariño. Esta investigadora, ademais, resalta unha

xa que o que se tenta é achegar ao lectorado en formación, dunha maneira lúdica, a existencia das figuras autorais.

cuestión que ten pasado desapercibida para outros estudosos: a harmonía existente entre a poeta, o seu home e o amigo (Blanco, 2007b: 49). Outros traballos, como o de Arias Chachero (2007), son máis continuistas co que a historia literaria galega tiña relatado ata o de agora, resaltando a imaxe do Novoneyra-mentor literario, instaurada dende vello no sistema.

Un baleiro que chama significativamente a atención nos estudos dedicados á vida da autora é o da personalidade do seu home, o mestre santiagués Roberto Pose, xa que ningunha das investigacións que se levaron a cabo conseguiu afondar nela, nin tampouco, o que é máis relevante, nas opinións e nas sensacións que lle producía que María escribise. A noiosa morre en 1967, namentres o seu home falece en 1980 sen pronunciarse abertamente sobre a obra da compañeira. As únicas informacións que se posúen en torno a isto son contraditorias, como se verá deseguido. No voceiro do Liceo de Noia que se está a mencionar, unha sobriña da escritora, Teresa García Mariño, acerca interesantes lembranzas que permiten maxinar como era o matrimonio da poeta con Roberto Pose: dependente e un tanto obsesivo coa dona, ao mestre non lle agradaría o seu talento creativo nin as ansias de escribir. “El interés que tenía por publicar sus poesías chocaba con la actitud de mi tío, que no quería saber nada de aquello. Incluso le llegó a romper una entrevista que le hicieron en un periódico. Lloró mucho” (García Mariño, 2007: 21). Non obstante, na mesma publicación, páxinas máis adiante, Pousa Antelo, compañeiro de estudos de Pose (2007: 27), contradí abertamente esta versión: “lembro a emoción e o entusiasmo con que Roberto me falaba de María á que cualificaba como unha nova Rosalía”. Recorde ben un ou outro, o certo é que do mestre casado coa poeta non se conserva ningún testemuño claro que amose interese pola obra da súa dona, pois o propio Novoneyra manifesta que Pose lle encomendou a el os últimos textos de Mariño, que logo constituirían *Verba que comeza*. Parece, así mesmo, que o home da escritora desexaba que Novoneyra e Ferrín se encargasen de abrir e de pechar o volume das últimas composicións de María (Blanco, 2007: 32).

Se hai un elemento que ten suscitado moita atención por parte da crítica anterior e que aínda segue enchendo moitas páxinas da crítica actual é que, segundo a imaxe de Novoneyra, María Mariño non tiña formación lectora, pois o seu verso saía da “alma do pobo”. Porén, as novas investigacións apuntan a que esta versión da poeta popular non fose tan certa, ao desvelar que a autora gustaba dos libros e que, posibelmente, xa escribía antes de coñecer ao autor d’*Os Eidos*. A pesar disto, ao longo das páxinas de Agrafoxo, hai unha tendencia a “respetar” as informacións fornecidas por Novoneyra. Se ben o biógrafo mantén que na biblioteca do Pazo de Escarabote (onde vivían os tíos e curmáns) a poeta entrara en contacto coa palabra escrita e mesmo recolle as afirmacións dunha das súas sobriñas, Teresa García Mariño: “La tía Maruja escribía y leía mucho. A cualquier persona le hacía una poesía. Fue siempre así” (Agrafoxo, 2007b: 114), logo non dubida en soster, rotundo: “Uxío metéraa a escribir” (Agrafoxo, 2007b: 118). As composicións da noiosa sempre foron escuras para un sistema que

preferiu ler as reescrituras –críticas, interpretativas– que delas fixo o courelao, antes que nelas mesmas. A actividade creativa de Mariño semella quedar oculta sempre por Novoneyra, como se o que seguramente foi alentador das composicións fose realmente a voz que seguise a man para combinar as palabras. A pesar do mantido polo historiador, Mariño Dávila (2007: 24) comenta que no pazo en que vivía e traballaba a súa familia nunca houbo biblioteca, o que amosa que a formación literaria da noiesa non se pode circunscribir a esa etapa da súa vida.

Non obstante, en *Alameda*, Teresa García tamén facilita datos moi interesantes sobre o interese da súa tía en difundir as súas creacións, o que constitúe un verdadeiro descubrimento, pois ata este 2007 non existían testemuños evidentes de que a autora arelase publicar e se esforzase en conseguilo:

Estaba obsesionada con publicar sus poemas y darse a conocer. Conseguimos que viniera a verla a nuestra casa don Pablo D'Ors, el hijo de Eugenio D'Ors. [...] Después conseguimos una entrevista con el catedrático don Manuel Gamallo Fierros, que era pariente de mi marido¹¹. Buscábamos una recomendación para que [...] hiciera algo con sus versos, le ayudara a publicarlos. (García Mariño, 2007: 21)

A cita da sobriña indica que a autora coñeceu a máis xentes do mundo intelectual do que se pensa e que non todos estes encontros tiveron a Novoneyra como mediador. Neste senso, resalta tamén que entrase en contacto con Pousa Antelo e que lle entregase un feixe de poemas en castelán (Mariño Dávila, 2007: 25). En estreita relación con isto, a saída do prelo neste 2007 dunha das obras inéditas e en castelán da creadora, *Más allá del tiempo*, supón o testemuño definitivo para que saibamos que María Mariño seguía o propio camiño para publicar, aínda que isto significase ir en contra dos consellos de Novoneyra. A poeta quería que Ánxel Fole lle prologase o libro e para tal fin lle envía o mecanoscrito, xunto cunha carta. Nesta misiva, a autora afirma: “Muchos de los poemas están hechos años antes de *Palabra no tempo*. Novoneyra me ha escuchado alguno a duras penas. No estábamos de acuerdo. A pesar que le gustaban mucho, decía que eran buenos, con todo y ello no quería oír nada en castellano. Cosa extraña esta...” (González Fernández, 2007: 27).

¹¹ Este dato coincide co fornecido por outra sobriña da escritora, Maite Martín Barrenechea, a Helena González. Segundo Martín, a poeta esperaba atopar editor por medio dun sobriño (González Fernández, 2007: 27, n.15). Posibelmente este sobriño que lle conseguiría o acceso á publicación fose o marido de Teresa García Mariño.

3.2. No eixo da obra de María Mariño

A obra de María Mariño permanecera como unha illa isolada do centro do sistema literario galego, pois así o marcaba a súa marxinalidade física e a súa creación fundamentalmente diferente a case que todo e, polo tanto, periférica. Debido á súa poética distinta, adoitábase abordar o seu estudo sen ter en conta o tempo no que creou e as circunstancias que rodeaban á literatura galega daquela década do sesenta. Por este motivo, unha das primeiras labours que se levaron a cabo neste ano dedicado a ela foron a de pór en contexto¹² a súa produción, relacionándoa coa época e cos poetas que lle tocou vivir. A angueira, se ben se sitúa no que sería unha primeira fase de estudo da súa figura, permite observar como o seu estilo lírico era unha tendencia nun panorama contracorrente no que a poesía debía ser arma cargada de futuro. Así o entendeu López Casanova (2007), quen enmarca a Mariño na poesía galega de posguerra e confronta a súa intimidade radical co poema convertido en obxecto ideolóxico cando en Galicia xa irrompera o realismo social con *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro. Outra contextualización necesaria é a realizada por Mariño Dávila (2007), quen se detén a analizar a recepción (incluíndo noticias, presenza en antoloxías e libros de texto, homenaxes que se lle dedicaron) da figura e da obra da noiosa dende os anos sesenta ata a actualidade. Este traballo, que fora en parte realizado con menor minuciosidade por Camen Blanco no seu estudo de 1990, achega un material de alto valor para as investigacións que no futuro han de vir sobre a poeta, ao facilitar todas as referencias bibliográficas pertinentes. Pola súa banda, García Negro (2007) realiza outro tipo de posta en contexto menos acaída, por non achegar avances significativos para as vindeiras pescudas, ao relacionar á poeta coas outras dúas autoras ás que se lle dedicou o Día das Letras, Rosalía de Castro e Francisca Herrero; namentres insiste en que as ideas da escaseza de escritoras na literatura galega e de escritores que viran as costas á produción das mulleres son tópicos importados da literatura española.

Por outra banda, a identificación do eu lírico coa natureza que revirte nun pannaturismo telúrico, a presenza da nai nas súas composicións xunto co protagonismo que se lle dá á infancia, o intimismo profundo que emana dun rico universo interior, a vivencia radical e cíclica do tempo que conleva á melancolía, a presenza presentida da morte e do mundo do escuro volven ser algúns dos motivos que máis destacan na poesía desta autora e que máis se reformulan nas novas publicacións. De feito, a meirande parte deles foron xa sinalados e explicados, aínda que de xeito bastante máis sincrético, por Victoria Sanjurjo (1994) e polos primeiros estudos de Blanco (1990). Non obstante, as obras críticas xeradas neste 2007 repiten, tentando afondar, mais en ocasións sen conseguilo, as clásicas aproximacións aos poemarios da noiosa, centrándose fundamentalmente nos temas que a ocupan. Fano así, Arias Chachero (2007), Blanco (2007a e 2007b) nas súas

¹² Tamén de xeito visual, como o amosa o diferente material bibliográfico que se fornece en estudos como o de Mariño Dávila (2007) ou Blanco (2007), ou na mesma biografía de Agrafoxo (2007).

novas achegas, Mariño Dávila (2007), Veiga (2007) e García Negro (2007). Isto ocorre porque os mitos existentes sobre a autora seguen tendo aínda un peso moi relevante nas interpretacións da súa produción. Obsérvase só este claro exemplo: a orixe da “poeta-pobo” á que alude Blanco (2007b: 41) está na “MARÍA MARIÑO dinamiteira da fala” de Novoneyra. A interpretación de 1968 segue estando presente sen se decatarse. Bótanse en falta, pois, perspectivas diferentes e son moi poucos os artigos que tentan xustificar elementos anteriormente detectados pola crítica, nos que, porén, aínda se profundizou escasamente. Neste senso cómpre destacar achegas como a de María do Cebreiro Rábade (2006), que realiza unha completa análise das pegadas de Rosalía en María Mariño.

A pesar de todo, algúns estudos, como o de Nogueira (2007) e o de Fernández Rodríguez (2007), foxen de valoracións globais para centrarse en aspectos específicos relativamente novidosos –a temporalidade empregada e a marxinalidade na que se sitúa a poeta, respectivamente. Ambos os dous, ademais, denuncian explicitamente que os compoñentes extraliterarios contaminaron considerabelmente as valoracións que se fixeron dunha obra que segue a ser, en parte, incompreendida. Fernández Rodríguez (2007: 93) explica contudentemente ao dicir que existiu unha “tendencia determinista a acudir a certos tópicos que teñen funcionado como esquema ideolóxico comunmente aceptado na literatura galega, que fan referencia a unha imaxe un tanto bucólica, popularista, ruralista e sentimental da expresión poética e da propia idiosincrasia cultural”. Neste momento, a produción da escritora semella blindarse ante as investigacións máis tradicionais, pedindo novas perspectivas que se acheguen a ela. A súa temática pouco máis pode dicir que o que xa dixo o Día das Letras trouxo, neste senso, moitas publicacións e un escaso afondamento. A isto non foi alleo que o coñecemento da nova obra, que sen dúbida abre un novo horizonte na súa eséxese, se producira cando a meirande parte das achegas encargadas para 2007 estaban xa nas editoras.

Precisamente a saída do prelo de *Más allá del tiempo* marca un referente nos estudos dedicados á escritora, non só por amosarnos a unha poeta que tamén é prosista e por mostrarnos a produción en español da autora, senón por confirmarnos –logo dos últimos estudos xa se presentía– un “eu” autorial que decide autonomamente e que está presente tanto nos versos como na carta que Mariño envía a Fole. Máis ca nunca será preciso, analizar conxuntamente os textos da autora en castelán e en galego, logo de que a edición de Helena González reartelle unha nova panorámica en torno á súa escrita e permita comprender en toda profundidade quen foi esta escritora complexa e poliédrica. González Fernández (2007) abre case que todos os novos vieiros que lle brinda o volume: reivindica a figura de Mariño como xestora da propia obra, reformula as voces líricas que nel aparecen, introdúcese no motivo da infancia –concedéndolle unha importancia que ata o de agora non tivera– e realiza unha interesante análise dos paratextos. Ademais, comeza a debullar algunha das posíbeis influencias da poeta: Teresa de Jesús, Manuel Antonio e os autores hilozoístas. A liña de

pescuda nas lecturas de María Mariño, saíndo do círculo de Rosalía e Novoneyra, é por primeira vez afrontada dunha maneira explícita, xa que na restante produción crítica só se atopan insinuacións dos posíbeis autores que marcaron á poeta. Ocorre así, por exemplo, nos traballos de Nogueira (2007), López Casanova (2007) e Fernández Rodríguez (2007) que sinalan timidamente relacións con Manuel Antonio, Rubén Darío e Antonio Machado, entre outros. Os investigadores continúan marcados pola autora estigmatizada, pola cantora popular. O estudo de González Fernández é neste senso, pioneiro, aínda que se bota en falta unha análise máis detida das lecturas que subxacen a *Más allá del tiempo* e que nos permitiría seguir descubriendo unha Mariño practicamente descoñecida. Alén disto, esta investigadora é consciente doutra angueira que lle resta por facer nesa clarificadora introdución, realizar “un rigoroso traballo textual para determinar realmente as relacións entre os poemas en galego e estes en español, porque aquí atopamos algunhas, poucas, versións de textos galegos” (González Fernández, 2007: 40).

4. Cabo: as miraxes de María

Afirma María Xesús Nogueira (2007: 71) que María Mariño era unha poeta con escasos lectores. A lectora e o lector que se acheguen a estas páxinas poderán preguntarse cómo é que, a pesar das polémicas –literarias ou non– en torno a ela, a Real Academia Galega decide dedicarlle o Día das Letras¹³. Posibelmente, moitos dos factores que interviron nesta elección teñan a ver con diversos condicionamentos sociais de hogano de fasquía xeral, como o auxe das políticas de xénero ou a paridade que se promulga dende o goberno central, e co feito de que non houbera moitas máis mulleres escritoras ás que se estivese en condicións de homenaxear este 17 de maio¹⁴. En consecuencia, a Academia, que ten sido tildada de patriarcal (pois só hai catro mulleres¹⁵ no seu seo e son chamativas as ausencias das que poderían estar) veríase na obriga social de honrar a unha autora. Porén, existe un factor interno de non escasa importancia: unha parte do nacionalismo apoiou sempre a obra da noiesa (non en van se fornecía esa imaxe de cantora da nova Galicia), comezando por Novoneyra e continuando por Ferrín, académico na actualidade e voz moi respetada no eido do nacionalismo. A ideoloxía política actúa aquí, en parte, como principal elemento lexitimador dunha poeta que quixo ser erixida en símbolo.

Aínda así, tamén en 2007, a súa figura autorial seguiu a ser cuestionada por unha parte da sociedade literaria. Fíxoo así Xosé Manuel Sarille (2007) nun artigo de divulgación, “O que vostede debe saber de María Mariño”, que

¹³ A pesar de todo, a elección de María Mariño Carou provocou intensos debates no seo da Academia, tanto que mesmo algún membro decidiu non volver participar dela.

¹⁴ Cómpre aclarar que a Academia ten por norma homenaxear unicamente a persoeiros de cuxo pasamento haxa dez anos ou máis.

¹⁵ As escritoras Xohana Torres e Luz Pozo Garza e a catedrática de Filoloxía Galega Rosario Álvarez Blanco.

pretende explicar a un lectorado medio a controversia que arrodea á autora, sostendo que: “nos círculos culturais galegos segue a acreditarse con forza na hipótese da invención poética”. Tamén o fixo, dunha maneira menos evidente e ao fío da perda de interese no Día das Letras (polémica que, sen dúbida, se avivou este ano e non por acaso), Inma López Silva (2007), que noutro artigo de opinión, comentaba que ter unha festa literaria centrada “nunha poeta depresiva que non publicou máis que dous libros de autoría pouco clara, demostra que somos algo lacazáns, choróns e desconfiados”.

As incertidumes e os cuestionamentos continúan e semella entón que o mito da noiesa segue pesando de maneira excesiva tamén en 2007. A crítica sábeo conscientemente, pois só así se explica a cantidade inxente de produción secundaria centrada na súa existencia. A pesar de todo, este 17 de maio funcionou como un increíble catalizador de investigacións biográficas que confirman, definitivamente, que María, a que asinaba os poemas, era tamén a que escribía. Tamén intúe a crítica que o personaxe literario da chamada “nova Rosalía” segue estando presente inconscientemente: en moitas das obras e artigos que analizan as súas creacións síntese o peso da poeta-xerada, da transmitida por Novoneyra, e non da poeta real. Isto indica que a tradición literaria ocupa aínda un papel demasiado sobranceiro no sistema literario galego, o que constitúe unha das características das literaturas emerxentes. Emporiso, algunhas investigacións comezan a reflectir unha escritora diferente, que lía máis do que se ten dito ata o de agora, que clasificaba e ordeaba o propio material. Non se pode dicir que, de maneira global, nos estudos arredor da súa produción se produciuse un avance cualitativo, mais é de esperar que isto ocorra nos anos vindeiros, especialmente se se publica o argumentado e esperado artigo sobre as influencias e a xenealoxía literaria da poeta, que será de capital importancia para tirar a autora das marxes definitivamente. Convén ter en conta, ademais, que estas lecturas da poeta teñen sido obxecto, ata hai ben pouco, dunha pescuda excesivamente autárquica, cando na súa maioría están no sistema literario español, dato ao que apuntan xa algunhas investigacións.

Se temos en conta que, como afirma André Lefevere (1997: 35), “la tendencia conservadora del sistema literario es aún más relevante cuando se plantea el problema de qué obras se pueden admitir sin problemas en el canon”, veremos que a recorrencia, a cuestionala como poeta e a obstinación no Novoneyra-mentor, responde ás dificultades de superar as reescrituras máis asentadas e, en última instancia, á resistencia a que María Mariño entre no círculo dos clásicos galegos. A interiorización da historia literaria de seu é evidente no sistema literario galego, quizais pola súa propia “anormalidade” (posibelmente, se se cuestionase o pasado literario tal posta en solfa consideraría-se un síntoma da febleza) e pola súa autoconsciencia de acharse na periferia. Porén, mitos literarios como o da noiesa son necesarios para reformular a pertinencia de recuperar figuras estigmatizadas pola súa poética, polo seu sexo, pola súa clase social e

mesmo polo seu afastamento do nacionalismo político, que tendeu a ocupar todo o espazo centaral do sistema.

A pesar do dito, algo cambiou neste 2007 na recepción da poeta. Quizais sexa este o avance máis significativo: a posta en valor que supuxo este 17 de maio para María Mariño. Porque se no pasado López Casanova (1964) se refería aos versos de *Palabra no tempo* como versos que “non teñen maior intrés, inda que, de vez en cando, xurde algún acerto isolado”, na actualidade non dubida en soste que “*Palabra no tempo* é un dos libros fundamentais e permanentes da lírica galega da segunda metade do S. XX” (López Casanova 2007: 36). As tendencias da “mitificación” e da “mistificación” das que falaba Blanco semellan estar a converterse na da “desvalorización” (por parte dos círculos que se resisten a reler a historia literaria) e na “valorización” (que ten a balanza da súa parte e que foi asumida, non por casualidade e en relación coa auxe dos estudos de xénero, por boa parte da crítica feminista). A crítica debe xa deixar de “lonxear” a Mariño, como ela mesma diría, e somerxerse nas miraxes que o Día das Letras Galegas de 2007 deitou nunha autora tan poliédrica como marxinal e descoñecida ata o de agora.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Agrafoxo, Xerardo (2007a), “Autobiografía de María Mariño. 10 instantáneas da miña vida”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, 26: 10-16.

— (2007b), *Biografía de María Mariño*, Vigo, Galaxia.

Alonso, Fran (2007), *A vida secreta de María Mariño*, Vigo, Xerais.

Arias Chachero, Patricia (2007), *Antoloxía poética*, Vigo, Galaxia.

Blanco, Carmen (1990), “A figura literaria de María Mariño Carou”, *Verba que comenza*, María Mariño, Noia, Concello de Noia: 69-83.

Blanco, Carmen (2007a), *María Mariño. Vida e obra*, Vigo, Xerais.

— (2007b), “A misteriosa tea entraña do tecer da costureira: a poética da vida de María Mariño”, *Día das letras galegas 2007. María Mariño Carou*, Carmen Blanco (ed), Santiago de Compostela, Universidade: 37-68.

Borobó [Raimundo García Domínguez], “María Mariño, invención de Novoneyra”, *La Noche*, 16/3/1961.

Fernández Rodríguez, Manuel (2007), “María Mariño, unha estranxeira dende a praia ata o monte”, *Día das letras galegas 2007. María Mariño Carou*, Carmen Blanco (ed), Santiago de Compostela, Universidade: 93-112.

García Mariño, Teresa (2007), “Recuerdos inevitables”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, 26: 21-23.

García Negro, Pilar (2007), *María Mariño no ronsel das escritoras galegas*, Bertamiráns-Ames, Laiovento.

González Fernández, Helena (2007), “A peza que recompón o puzzle”, *Más allá del tiempo*, María Mariño, Santiago, Alvarellos: 9-86.

González Garcés, Miguel, “La poesía de María Mariño”, *La Voz de Galicia*, 16/8/1970.

Lefevere, André (1997), *Traducción, reescritura y la manipulación del canon literario*, Salamanca, Ediciones Colegio de España.

López Casanova, Arcadio (2007), “Situacións, construción e sentido de *Palabra no tempo*”, *Día das letras galegas 2007. María Mariño Carou*, Carmen Blanco (ed), Santiago de Compostela, Universidade: 9-36.

— (1964), “A palabra alcendida de María Mariño”, *Grial*, 3.

López Silva, Inma, “Letras galegas: renovarse ou morrer”, *La Voz de Galicia*, 17/5/2007.

Mariño, María (1994), *Obra completa*, Vigo: Xerais.

Mariño Dávila, Esperanza (2007), *Diccionario María Mariño*, Santa Comba-A Coruña, TresCtres.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, “A poesía de María Mariño. 2. Un camiño novo”, *La Noche*, 2/3/1965.

Nogueira, María Xesús (2007), “Mide o tempo a súa ponte. A temporalidade na poesía de María Mariño”, *Día das letras galegas 2007. María Mariño Carou*, Carmen Blanco (ed), Santiago de Compostela, Universidade: 69-92.

Novoneyra, Uxío (1988), *Do Courel a Compostela 1956-1986*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións.

— (1982), “María Mariño Carou, noiesa do Courel”, *A Nosa Terra*: 189-190.

— “María Mariño Carou ha muerto”, *La Voz de Galicia*, 11/6/1967.

— (1961), “María Mariño Carou”, *Céltica. Caderno de Estudos Galaico-Portugueses*, [4]: 303-305.

Otero Pedrayo, Ramón (1963), “Prólogo”, *Palabra no tempo*, María Mariño, Lugo, Editorial Celta.

Pousa Antelo, Avelino (2007), “Lembrando a María Mariño”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, 26: 27-28.

Rábade Villar, María do Cebreiro (2006), “Arpa de dúas cordas? Imaxinación e sentimento na poesía de María Mariño”, *Festa da palabra silenciada*, 21: 17-25.

Riveiro Coello, Antón (2007a), “María Mariño: O Courel e a dor na paisaxe”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, 26: 43-44.

— (2007b), *A voz do pazo*, Vigo, Galaxia.

Sarille, Xosé Manuel, “O que vostede debe saber de María Mariño”, *El Correo Gallego*, 8/5/2007.

Veiga, Eva (2007), “María Mariño: a escritura como primavera do ser”, *Casa da Gramática*, 27: [sen paxinar].